



VII SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“As Misións Pedagóxicas, a depuración no maxisterio
e as mulleres antifranquistas represaliadas”
Rianxo – Boiro – Gres (Ponte Ledesma)
20, 21 e 22 de maio de 2016

CONFERENCIA

**“CONTRA OS LIBROS E CONTRA OS MESTRES. FORMAS DE REPRESIÓN
NA GUERRA CIVIL E PRIMEIRO FRANQUISMO”**

Xosé M. Malheiro Gutiérrez

Profesor do Departamento de Pedagogía e Didáctica da Universidade da Coruña

A Segunda República, nomeadamente na etapa constituínte que ten continuidade no coñecido como “bienio reformista” (1931-1933), vai ser un período moi interesante desde o punto de vista da historia ligada á educación: laicidade, gratuidade, renovación pedagóxica, dignificación docente, desenvolvemento a través da educación... serán desafíos ambiciosos da política educativa dese período, con Manuel Azaña á fronte do Goberno e Marcelino Domingo na carteira do Ministerio de Instrución Pública. Desafíos aos que habían de sumarse unha serie de reformas estruturais que demandaba o sistema educativo, entre as que destacan a posta en marcha dun programa quinquenal de construcións escolares, a reforma do acceso á docencia, a reorganización académica desde os estudos primarios universalizando o ensino básico, ata os superiores, apostando por unha universidade moderna e investigadora. A cascada de normas, principalmente en forma de decretos que comezaron a ditarse desde o mes de maio de 1931, denota a vontade rupturista das medidas emprendidas, atendendo especialmente a catro piares: secularización do ensino, construcións escolares, promoción do maxisterio e reparto de libros e xeneralización da lectura.

Entre todas as normas ditadas (malia ningunha menos urxente atendendo o estado de abandono no que se atopaba a escola pública, e por extensión as clases populares como as directas beneficiarias) será o Decreto de creación do Padroado de Misións Pedagóxicas o máis impactante, pola súa singularidade e inmediatez. Singularidade, porque materializaba unha idea orixinal adaptada ás necesidades e intereses das xentes humildes. Orixinal, incluso na súa posta en escena, pois os misioneiros eran, máis ca mestres, uns ‘titiriteiros’ que percorrían de forma ambulante as vilas e aldeas de España proporcionando divertimento cultural: “La Misión se propone muy otra cosa que la escuela”: ensinar a través dunha educación “difusa”, como a denominaba Manuel Bartolomé Cossío: “de un modo libre y ocasional en libros, periódicos, conversaciones, trato familiar y amistoso, en la calle, en el campo”. E inmediatez, porque os seus efectos foron impactantes, sobre todo para aqueles que nunca, ou escasamente, tiñan frecuentado unha escola.

O proxecto que se recolle no Decreto desenvolveuse en tres áreas: por un lado, o fomento da cultura xeral entre as clases populares mediante o establecemento de bibliotecas nas escolas primarias das vilas, que serían fixas ou itinerantes; en segundo lugar, a organización de lecturas públicas e conferencias, audicións de música, exposicións de pintura e sesións de cinema con intención divulgativa. En terceiro lugar, a orientación e apoio ao ensino nas escolas existentes, organizando visitas aos centros e celebrando Semanas ou Quincenas pedagóxicas, entre outras actividades educativas. Ademais, a promoción dos valores cívicos e democráticos entre toda a poboación a través de reunións e conferencias onde se trataban asuntos diversos relacionados coa participación democrática na actividade política en xeral. Tres áreas nas que confluían as inquedanzas dos intelectuais institucionistas comprometidos cun novo modelo social, o malestar de moitos mestres preocupados por reanimar un sistema agonizante e a determinación dos políticos rexeneracionistas desexosos de marcar un novo rumbo á sociedade a través dunha profunda reforma.



VII SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

“As Misións Pedagóxicas, a depuración no maxisterio e as mulleres antifranquistas represaliadas”

Rianxo – Boiro – Gres (Ponte Ledesma)

20, 21 e 22 de maio de 2016

O obxectivo era tratar de acadar, partindo de aquí, unha sociedade avanzada, culta e educada; non só desenvolvida no eido económico e social senón tamén no científico e académico, para forxar unha identidade ‘nacional’, cívica, democrática e republicana. Un ambicioso proxecto para o que había que contar con dous instrumentos fundamentais: os mestres e os libros. Formando e dignificando o maxisterio máis comprometido e levando a cabo unha innovadora política bibliotecaria. Deste xeito, coa chegada da Segunda República e no marco doutros cambios socioeconómicos e políticos que viviu o país, o concepto e función da biblioteca tamén se transformou. A instalación de novas bibliotecas e a actualización dos catálogos nas existentes tivo un efecto multiplicador ao aumentar a consulta dos lectores habituais, e afeccionar aos libros a colectivos secularmente afastados da cultura impresa. É comprensible que, non habendo estímulo, a lectura non formase parte das súas inquiredanzas nin do seu universo mental; ademais da falta de medios e do déficit de oferta.

Tendo en conta estes factores, O Servizo de Bibliotecas das Misións Pedagóxicas deu preferencia ao medio rural e ás escolas nacionais das pequenas poboacións, en especial ás de menos de 5.000 habitantes e ás provincias máis desfavorecidas. Foi este un cobizoso proxecto multidisciplinar que se vería minguado nos seus recursos co goberno da CEDA a partir de 1933, e que se acabou por desmantelar tras o golpe de estado do 18 de xullo na chamada ‘zona nacional’.

Ao mesmo tempo que se pon en marcha a depuración das institucións, lévase a cabo a purga dos corpos docentes; principalmente do maxisterio primario que se tiña significado no apoio á política republicana. Mortos, depurados ou exiliados un gran número de mestres e profesores, o cadro docente tivo que ser renovado, entre 1939 y 1945, en máis da metade dos seus compoñentes e ocupado polo poder político do novo sistema. E se o Padroado acabou decapitado en 1939, dependente do novo Ministerio de Educación Nacional, as Misións Pedagóxicas, e en particular a selección e reparto dos libros, que era da súa competencia, xa foran insistentemente acosadas durante toda a etapa republicana por parte das organizacións políticas conservadoras, aínda que con meirande intensidade durante o bienio 1933-35. Repartir libros e ensinar a ler era visto como unha iniciativa preocupante, porque podía distraer os labregos das ocupacións ás que estaban ‘naturalmente’ destinados e, xa de paso, para as que ‘non precisaban ningunha formación intelectual’. Ademais, a lectura de certos textos podería suscitar neles novas e inquietantes ideas sobre dereitos e liberdades, e a tentación de cuestionar a orde establecida. Por iso, a ollos de moitos sectores políticos e sociais dos anos trinta, a actividade do Padroado resultaba perniciosa, cando non xa subversiva ou incluso revolucionaria e había que bloqueala. As bibliotecas escolares repartidas polas Misións pedagóxicas foron destruídas en moitos casos; noutros moitos requisadas ou expurgadas.

Unha política de *desbroce* que os sublevados inician, de inmediato, en pleno período bélico na zona ocupada. O Decreto nº 108 de 13 de setembro de 1936 declarou fóra da lei todos os partidos e agrupacións políticas da Fronte Popular, o que desencadeou unha salvaxe incautación de bens mobles, inmobles, efectos e documentos propiedade desas organizacións. E deu lugar, ademais, a unha intensa actividade depuradora que, entre outras instancias da Administración do Estado, afectou tamén ás escolas e ás súas bibliotecas.